



ACTA DO XURADO

III Premio Editorial de Fotografía Documental Galega

A Coruña, 7 de novembro de 2023

Reunido o xurado, formado por representantes das editoriais galegas Alauda Negra, AmordeMadre, Dispara e Fabulatorio, acorda por unanimidade, unha vez revisado o cumprimento das bases da convocatoria, outorgar o III Premio Editorial de Fotografía Documental Galega ao proxecto **«MAN»**, do colectivo **Cadela Negra** (Antonio Cortés e Lois Cid), pola orixinalidade da factura visual da proposta; a singularidade no uso dos recursos expresivos e formais do medio; e a súa articulación nun relato coherente e insólito arredor da figura de Manfred Gnädinger, Man, recoñecido personaxe artístico -pintor, escultor e filósofo- que desenvolveu a súa práctica no lugar de Camelle (A Coruña) e polo que os autores amosan a súa fascinación.

O traballo presentado por Cortés e Cid deslinda o tratamento convencional da práctica fotográfica documental coa creación dun repertorio simbólico vizoso e fortemente lírico que conxuga nocións como paisaxe, memoria, acción e territorio para a redefinición do imaxinario xerado en torno a figura de Man.

No lexítimo uso do seu voto de calidade, o representante da editora Alauda Negra, encargada da publicación do proxecto gañador nesta edición, confirma o fallo do xurado. Tamén quere engadir como criterio no dictame definitivo “a posta en valor e o recoñecemento das prácticas de autoedición e de edición subalterna e independente como contexto primixéneo onde se desenvolve e difunde o traballo deste colectivo e do que participa, por propia natureza, a proposta que presentaron a esta convocatoria”.

Ademais, o xurado quere destacar a elevada calidade de todos os proxectos presentados e, moi especialmente, dos outros catro finalistas da convocatoria: *«Mentres os paxaros asubían e as margaridas morren»*, de **Alan Balzac**; *«Zona de sacrificio»*, de **Catara Rego**; *«Aquí ninguén fala diso»*, de **Maidor Jiménez**; e *«Algúns nacen con estrelas»*, de **Loreley Ritta**.